ESPROAGRO
enxeñería

Orde do 21 de decembro de 2015:
Fondo de Compensación Ambiental 2016

PROXECTO DE:

MELLORA DO DRENAXE DE AUGAS PLUVIAIS PARA EVITAR A DEGRADACIÓN AMBIENTAL NO ENTORNO DE DIFERENTES NÚCLEOS RURAIS

UBICACIÓN: *Parroquias de Brántuas, A Graña, Pazos e Tallo*
Concello de Ponteceso (A CORUÑA)

PROMOTOR: *Excmo. Concello de Ponteceso*

AUTOR: *Gonzalo Lodeiro Plana*
Enxeñeiro Técnico en Mecanización e Construcións Rurais

Xaneiro de 2016

SEDE SOCIAL
Rafael Alberti, 3-1°C
15008 A CORUÑA
Tfno.: 981 174 185/608
Fax: 981 174 607
esproagro@esproagro.com

DIVISIÓN DE PROXECTOS
Rafael Alberti, 1-1°F
15008 A CORUÑA
Tfno.: 981 174 386
Fax: 981 174 855
consultora@esproagro.com

Rúa das Anduriñas, 5-15 Entlo.
27004 LUGO
Tfno./Fax: 982 213 026

Avda. de Marín, 2 Entlo. Of. D
32001 OURENSE
Tfno./Fax: 988 372 708

Lepanto, 1-2° J
(esquina Benito Corbal)
36001 PONTEVEDRA
Tfno./Fax: 986 851 300

ESPROAGRO
enxeñería

Orde do 21 de decembro de 2015:
Fondo de Compensación Ambiental 2016

PROXECTO DE:

MELLORA DO DRENAXE DE AUGAS PLUVIAIS PARA EVITAR A DEGRADACIÓN AMBIENTAL NO ENTORNO DE DIFERENTES NÚCLEOS RURAIS

UBICACIÓN: *Parroquias de Brántuas, A Graña, Pazos e Tallo*
Concello de Ponteceso (A CORUÑA)

PROMOTOR: ***Excmo. Concello de Ponteceso***

AUTOR: ***Gonzalo Lodeiro Plana***
Enxeñeiro Técnico en Mecanización e Construcións Rurais

Xaneiro de 2016

INDICE XERAL

memoria

memoria

memoria

ÍNDICE

1. OBXECTO

Redactase o presente Proxecto titulado ***"Mellora do drenaxe de augas pluviais para evitar a degradación ambiental no entorno de diferentes núcleos rurais"*** có fin de definir as unidades de obra necesarias para a contratación e posterior execución das obras.

Redáctase o presente Documento có obxecto de acollerse o especificado na Orde do Orde do 21 de decembro de 2015 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (*DOG Núm. 246, do 28 de decembro de 2015*), da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións e Xustiza da Xunta de Galicia.

2. EMPRAZAMENTO

Nos entornos dos núcleos de Brántuas de Abaixo (*Parroquia de Brántuas*), de Lestimoño (*Parroquia de A Graña*), de Pazos (*Parroquia de Pazos*) e de Pardiñas e O Petón (*Parroquia de Tallo*), Concello de Ponteceso e Provincia de A Coruña.

3. ORDE DE REDACCIÓN E AUTOR DO PROXECTO

Redáctase o presente documento por encargo do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ponteceso.

O Autor do Proxecto é o Enxeñeiro en Mecanización e Construcións Rurais D. Gonzalo Lodeiro Plana, con DNI 32.818.275-N e colexiado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra có número 1.703.

4. DESCRICIÓN E DESCRICIÓN DA OBRA

Segundo a epígrafe 3 do Artigo 4, de *Gastos subvencionables*, da Orde do 21 de decembro de 2015 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (*DOG Núm. 246, do 28 de decembro de 2015*), se consideran que atenden ós criterios determinados no mesmo os proxectos:

i) De saneamento, ***redes de sumidoiros*** *e bastecemento de auga.*

j) Para evitar a degradación e a deterioración ambiental no ámbito municipal.

O presente Proxecto cumpre os requisitos sinalados no parágrado anterior respecto ás zona de actuación definidas xa que:

4.1. ACTUACIÓN PARA EVITAR A DEGRADACIÓN E DETERIORACIÓN AMBIENTAL

Na actuación no entorno de Brántuas de Abaixo (*Parroquia de Brántuas*) trátase de recuperar o entorno do núcleo localizado arredor da estrada municipal asfaltada que une este coa estrada provincial DP-6801.

Este entorno natural, calificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal (*en adiante PXOM*) do Concello de Ponteceso coma Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais (*SRPN*), viuse afectado moi negativamente polos temporais acaecidos as primeiras semáns do ano 2016 na Costa da Morte, o deteriorarse notablemente tanto as ladeiras colindantes coa estrada municipal coma un camiño de servizo a fincas que entronca con esta, situado preto da súa confluencia coa estrada provincial.

Esta situación xerou escorrentas de augas pluviais incontroladas tanto polas ladeiras coma polo camiño de servizo sinalado, as cales no seu transcorrer provocaron arrastres de terra e pedras (*toda a estrutura do camiño, na actualidade totalmente impracticable*) maís de vexetación (*erosión nos noiros adxacentes a estrada municipal*) .

Estes arrastres inutilizarón por colmatación tanto as gabias coma as Obras de Drenaxe Transversal (*en adiante ODT*) existentes, o que espallou ainda máis libremente toda a esta auga polo entorno ata o núcleo, cunha velocidade e forza intensa polo pendente media do terreo da zona, xerando, por todo isto, un alto deterioro ambiental da mesma.

Para que non se repita o descrito nos parágrafos anteriores, plantéxase resolver o problema indicado mediante as seguintes accións:

- Mellora do sistema de drenaxe da estrada municipal:
  - Reapertura das gabias colmatadas.
  - Construción de cinco (5) novas ODT en puntos determinados da estrada municipal para complementar as xa existentes, repartindo de xeito equilibrado o caudal procedente das gabías por toda la conca da zona.

    Estas ODT, con sentido de traballlo da marxe dereita a marxe esquerda, se farán a base de pozos de rexistro circular de 1,50 metros de profundidade, ós cales se asociarán canos de tubo corrugado de PP, de diámetro nominal 50 cm. tipo SN8, reforzados baixo calzada mediante dado de formigón en masa HM-20.

    Reporase o asfalto demolido previamente para a súa implantación mediante un Triple Tratamento Asfáltico (*en adiante TTA*), a base, e sempre nesta orde:

    1º) Primeira rega semiprofunda con dotación de 3,5 Kg. de emulsión ECR-2 saturados con 20 litros de grava miúda 8/12.

    2º) Segunda rega superficial con dotación de 2 Kg. de ECR-2 saturados con 10 litros de grava miúda tipo 5/8.

    3º) Terceira rega de selado con dotación de 1,5 Kg. de ECR-2 saturados con 5 litros de area lavada.

    Este firme se situará sobre unha capa de macadam bituminoso de 12 cm. de espesor, estendida previamente sobre unha base granular de zahorra artificial de 25 cm. de espesor.

- Eliminación de futuros arrastres de pedra e rocha:

  Se reconstruirá de novo os primeiros 150,00 metros do camiño de servizo a fincas, para evitar tanto que sexa a procedencia deste tipo de arrastes ó estar na actualidade totalmente degradado e sen estrutura coma para regular o transito da auga de escorrente que vai por el procedente de punto máis altos do mesmo. Polo tanto se realizarán as seguintes actuacións:

  - Saneo da súa plataforma nunha profundidade de 0,60 metros, para posteriormente nivelar e compactar a subbase aflorada.
  - Construción do núcleo do camiño mediante recheo con material adecuado de préstamo, nun espesor de 0,40 metros,.
  - Nos primeiros 50,00 metros do camiño se implantará un novo firme a base dun pavimento de formigón HM-20/P/40/IIA, de 15 cm espedor, con malla electrosoldada ME de 15x15 cm. e 5 mm. de diámetro, de aceiro B-500S, sobre 5 cm. de grava miúda de regularización.

    Nas marxes deste firme se construirán sendas gabias triangulares tipo V-40, en de formigón HM-20/sp/40, de 1,00 metros de ancho, 0,40 metros de profundidade e 10 cm espesor, con noiros 1/1.

    Tamén se lle implantarán dous (2) canais sumidoiros prefabricados transversal a base de canal de drenaxe de dimensións 22,5x30x35h cm., sobre 10 cm de HM-20 e reixa de fundición ductil 50x30 cm, clase D-400, anti-levantamento e anti-ruido. Estes canais interceptarán a auga de escorrenta que transcurra pola superficie do firme ata as súas cunetas, evitando deste xeito que chege a estrada municipal e provoquen arrastes.
  - Nos derradeiros 100,00 metros do camiño on ovo firmes e realizar mediante a estensión dunha base granular reciclada de residuos de formigón, tamaño árido 0/32 mm, CPR-0227 (EN 13242:2002 e A1:2007), cun espesor de 20 cm.

    Nas marxes deste firme se abrirán sendas gabias triangulares en terra de 1,00 metros de ancho, 0,40 metros de profundidade e 10 cm. espesor, con noiros 1/1.

4.2. CREACIÓN DE REDES DE SUMIDOIROS PARA DRENAXE DAS AUGAS PLUVIAIS

Se implantarán este tipo de red no núcleo de Lestimoño (*Parroquia de A Graña)*, de Pazos (*Parroquia de Pazos*) e no entorno dos núcleos de Pardiñas e O Petón (*Parroquia de Tallo*) para mellorar e complementar as xa existentes en ditas zonas.

Estas redes se localizarán na zona de gabias das estradas municipais pavimentadas as cales darán servizo e se realizarán, segundo actuación considerada, mediante:

- Arquetas sumidoiro "in situ" en formigón HM-20, de dimensións interiores 40x40x60 cm., e con marco e reixa fundición C-250 46x46x3,5 plana/cóncava.
- Sumidoiros de recollida de pluviais, en arqueta de dimensións 34x51x60 cm., con marco e reixa de fundición de 60x40 cm.
- Pozos de rexistro circular de 1,00 metros de profundidade.
- Canais sumidoiros prefabricados transversal a base de canal de drenaxe de dimensións 22,5x30x35h cm., sobre 10 cm de HM-20 e reixa de fundición ductil 50x30 cm, clase D-400, anti-levantamento e anti-ruido
- Cano de tubo corrugado de PP, de diámetro nominal 315 mm., 400 mm. ou 500 mm., tipo SN8, reforzados baixo calzada mediante dado de formigón en masa HM-20.

Se reporá todo ó pavimento demolido previamente para a súa implantación mediante un novo firme das mesmas caracteristicas:

- No núcleo de Lestimoño: Pavimento de formigón HM-20/P/40/IIA, de 15 cm espedor, con malla electrosoldada ME de 15x15 cm. e 5 mm. de diámetro, de aceiro B-500S, sobre 5 cm. de grava miúda de regularización.
- No núcleo de Pazos: Firme de aglomerado en quente tipo D-12 de 5 cm de espesor, sobre capa de zahorra artificial de 25 cm. de espesor.
- No entorno dos núcleos de Pardiñas e O Petón: Firme a base dun TTA, tal e coma se describe na epígrafe 4.1 do presente Anexo.

5. RESUMO

Axuntase a relación resumida de Unidades de obra a executar de cada un dos capítulos, que se detalla en Medicións e Orzamento por Actuación.

Nº Orde		Descrición da actuación proxectada	Medición
01. NO ENTORNO DE BRÁNTUAS DE ABAIXO (Parroquia de Brántuas)			
01.01. ACTUACIÓNS PREVIAS			
01.01.01	m	Roza mecanizada en marxes camiño (2 marxes) tractor e desb brazo	925,00
01.01.02	m	Corte de pavimento asfáltico ou de formigón	70,00
01.01.03	m2	Demolición pavemento asfáltico ou formigón c/ med mecánicos	31,50
01.01.04	m3	Demolición obra de fábrica HM c/retro+mart	3,15
01.01.05	m3	Escavación mecánica zanxa, todo tipo terreo	360,00
01.01.06	m3	Subbase con material de préstamo	240,00
01.01.07	m3	Escavación mecánica de cuneta c/ retro, terreo de tránsito	153,60
01.02. DRENAXE DE AUGAS PLUVIAIS			
01.02.01	ud	Arqueta para cano d=50 cm, terreo franco	1,00
01.02.02	ud	Pozo de rexistro ata 1,5 m de profundidade	5,00
01.02.03	m	Cano PP corrugado, ø 400 cm SN8	5,00
01.02.04	m	Cano PP corrugado, ø 500 cm SN8	35,00
01.02.05	ud	Embocadura para cano ø 50 cm, terreo franco	5,00
01.02.06	m	Paso salvafoxo d=50cm terreo franco	19,00
01.02.07	m	Sumidoiro pref. 22,5x30x35h transversal con reixa D-400	15,00
01.02.08	m	Cuneta de formigón triangular tipo V-40	105,00
01.03. ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS			
01.03.01	m2	Apertura de caixa para firme c/ motoniveladora	400,00
01.03.02	m2	Base granular reciclada 0/32 CPR-0227 esp 20 cm	400,00

01.03.03	m2	Pavimento de formigón 15 cm c/grava e mallazo 15X15 cm dia 5 mm	200,00
01.03.04	m3	Base de zahorra artificial	7,90
01.03.05	m3	Base de firme macadam	3,80
01.03.06	m2	Triple rega asfáltica ECR-2	31,50
01.03.07	ud	Limpeza de caño por medios manuais obstruido >50%	3,00
01.03.08	ud	Limpeza de arqueta ou embocadura	3,00

01.04. XESTIÓN DE RESIDUOS

01.04.01	m3	Carga pala mecánica d<=5m	366,30
01.04.02	m3	Transporte materiais soltos (estrada), bañera d<=30 km	519,90
01.04.03	m3	Xestión en centro autorizado de terras e mat. pétreos mixturado	513,60
01.04.04	m3	Xestión en centro autorizado de residuos de formigón e/ou asfálticos	6,30

02. EN LESTIMOÑO (Parroquia de A Graña)

02.01. ACTUACIÓNS PREVIAS

02.01.01	m	Corte de pavimento asfáltico ou de formigón	21,50
02.01.02	m3	Escavación mecánica zanxa, terreo franco	15,78
02.01.03	m2	Demolición pavemento asfáltico ou formigón c/ med mecánicos	62,70

02.02. DRENAXE DE AUGAS PLUVIAIS

02.02.01	m	Sumidoiro pref. 22,5x30x35h transversal con reixa D-400	7,70
02.02.02	ud	Arqueta sumidoiro HM-20 in situ 40x40x60 cm.	1,00

02.03. ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS

02.03.01	m2	Pavimento de formigón 15 cm c/grava e mallazo 15X15 cm dia 5 mm	52,61
02.03.02	m3	Base de zahorra artificial	13,15

02.04. XESTIÓN DE RESIDUOS

02.04.01	m3	Carga pala mecánica d<=5m	9,41
02.04.02	m3	Transporte materiais soltos (estrada), bañera d<=30 km	25,19
02.04.03	m3	Xestión en centro autorizado de terras e mat. pétreos mixturado	15,78
02.04.04	m3	Xestión en centro autorizado de residuos de formigón e/ou asfálticos	9,41

03. EN PAZOS (Parroquia de Pazos)

03.01. ACTUACIÓNS PREVIAS

03.01.01	m	Corte de pavimento asfáltico ou de formigón	89,05
03.01.02	m2	Demolición pavemento asfáltico ou formigón c/martelo+compr	42,84
03.01.03	m3	Escavación mecánica zanxa, terreo franco	99,28
03.01.04	m2	Fresado de pavimentos asfálticos ou formigón espesor 5 cm	333,71
03.01.05	m3	Terraplén préstamo, d=<3 km	28,52

03.02. DRENAXE DE AUGAS PLUVIAIS

03.02.01	ud	Arqueta sumidoiro HM-20 in situ 40x40x60 cm.	8,00
03.02.02	m	Cano PP corrugado, ø 400 cm SN8	135,70

03.02.03	ud	Embocadura para cano ø 40 cm, terreo franco	1,00

03.03. ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS

03.03.01	m3	Base de zahorra artificial	17,82
03.03.02	m2	Firme aglomerado quente D-12 e=5cm	486,44
03.03.03	m	Marca vial continua reflexiva 10 cm	160,00
03.03.04	ud	Recrecido de pozo de rexistro de formigón	2,00

03.04. XESTIÓN DE RESIDUOS

03.04.01	m3	Carga pala mecánica d<=5m	3,60
03.04.02	m3	Transporte materiais soltos (estrada), bañera d<=30 km	102,88
03.04.03	m3	Xestión en centro autorizado de terras e mat. pétreos mixturado	99,28
03.04.04	m3	Xestión en centro autorizado de residuos de formigón e/ou asfálticos	3,60

04. NO ENTORNO DE PARDIÑAS E O PETÓN (Parroquia de Tallo)

04.01. ACTUACIÓNS PREVIAS

04.01.01	m	Corte de pavimento asfáltico ou de formigón	242,00
04.01.02	m2	Demolición pavemento asfáltico ou formigón c/ med mecánicos	121,00
04.01.03	m3	Demolición obra de fábrica HM c/retro+mart	5,88
04.01.04	m3	Escavación mecánica zanxa, terreo franco	73,00
04.01.05	m2	Compactación e rega do plano de fundación, A1-A3	73,00
04.01.06	m3	Subbase con material de préstamo	27,74

04.02. DRENAXE DE AUGAS PLUVIAIS

04.02.01	ud	Pozo de rexistro ata 1 m de profundidade	3,00
04.02.02	ud	Sumidoiro arqueta 34x51x60 cm	20,00
04.02.03	m	Cano PP corrugado, ø 315 cm SN8	355,00

04.03. ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS

04.03.01	m3	Base de zahorra artificial	88,75
04.03.02	m3	Base de firme macadam	42,60
04.03.03	m2	Triple rega asfáltica ECR-2	355,00

04.04. XESTIÓN DE RESIDUOS

04.04.01	m3	Carga pala mecánica d<=5m	16,45
04.04.02	m3	Transporte materiais soltos (estrada), bañera d<=30 km	95,33
04.04.03	m3	Xestión en centro autorizado de terras e mat. pétreos mixturado	73,00
04.04.04	m3	Xestión en centro autorizado de residuos de formigón e/ou asfálticos	22,33

05. ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE

05.01	ud	Par lubas dieléctricos 2 usos	1,00
05.02	m	Cable cobre desnudo 35mm2	10,00
05.03	ud	Electrodo pica a cobreado ø1.4cm	1,00
05.04	ud	Placa secc cobre cadmiado	1,00

05.05	ud	Transformador 220/24v 300w 5 u	1,00
05.06	ud	Intr difl bp 25A 30mA amtz5	1,00
05.07	ud	Exti polvo seco ABC 21A- 113B 6kg 3 u	2,00
05.08	ud	Sinal refl tri perigo 70 s/cabali	5,00
05.09	ud	Cono sinal vial 50 amtz 5	10,00
05.10	me	Valla modular encadenado	15,00
05.11	ud	Casco seguridade obra 2 usos	7,00
05.12	ud	Atalaxe para casco	7,00
05.13	ud	Barboquexo para casco	7,00
05.14	ud	Gafas a-proy met fund vent 2 usos	7,00
05.15	ud	Prot auditivo c/almohadilla 2 u	7,00
05.16	ud	Par tapóns auditivos	7,00
05.17	ud	Chaqueta impl c/capucha	7,00
05.18	ud	Pantalón impermeable	7,00
05.19	ud	Par lubas cortos nitrilo	7,00
05.20	ud	Par botas impl 30cm vd	7,00
05.21	ud	Diantal impermeable	2,00
05.22	ud	Botiquin de urxencias	2,00

06. IMPREVISTOS

06.01	ud	Imprevistos a xustificar	1,00

6. PRAZO DE EXECUCIÓN

Se considera como tempo estimado de **DOUS (2) MESES** para a execución das obras proxectadas.

7. REVISIÓN DE PREZOS

Por ser o prazo de execución das obras inferior a SEIS (6) MESES, non se considera revisión de prezos.

8. ORZAMENTO

8.1. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL

Ascende o Orzamento de Execución Material á cantidade de SETENTA E SETE MIL SEISCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS, (77.685,69 €).

8.2. ORZAMENTO DE CONTRATA

Ascende o Orzamento de Contrata á cantidade de CENTO ONCE MIL OITOCENTOS CINCUENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E DOUS CÉNTIMOS, (111.859,62 €).

8.3. ORZAMENTO DE EXPROPIACIONS

Como as obras se executan en terreos de propiedade do Excmo. Concello de Ponteceso non é necesaria a realización de expropiacións, polo que ascende o Orzamento de Expropiación á cantidade de CERO EUROS, (0,00 €).

8.4. ORZAMENTO PARA COÑECIMIENTO DA ADMINISTRACIÓN

Ascende o Orzamento para coñecemento da Administración á cantidade de CENTO ONCE MIL OITOCENTOS CINCUENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E DOUS CÉNTIMOS, (111.859,62 €).

9. CLASIFICACIÓN DEL CONTRATISTA

De acordo có Artigo 124.1 e 2 da LCAP, e o Artigo 132 e 133 do RXLC non se require clasificación.

10. CONSERVACIÓN DAS OBRAS

Durante o primeiro ano a empresa adxudicataria das obras queda obrigada a manter en perfecto estado de conservación e o seu cargo as obras executadas. Dito prazo quedará establecido entre as datas das actas de recepción provisional e definitiva das obras.

A garantía das obras será a establecida no contrato de execución das obras e no seu defecto o estipulado pola lei.

11. CUMPRIMENTO DO ART. 125 DO R.D. 1098/2.001 DE 12 DE OUTUBRO POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO XERAL DA LEI DE CONTRATOS DAS ADMINISTRACIONS PÚBLICAS. PROXECTOS DE OBRAS

O presente Proxecto comprende obras non fraccionables. En cumprimento do establecido no Art. 125 do R.D. 1098/2.001 de 12 de outubro, manifestase que este proxecto se refire a obra completa, susceptible de ser entregada ó uso xeral e comprende todos e cada un dos elementos precisos para a súa utilización.

12. XESTIÓN DE RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN

Todos os residuos xerados na execución da obra proxectada cumprirán o establecido tanto o Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, como na Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia, incluíndo as terras desmontadas sobrantes.

13. SEGURIDADE E SAUDE

As obras a executar acolleránse ó disposto na Regulamentación vixente sobre Seguridade e Saúde Laboral, establecéndose o disposto no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, de disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

14. CUMPRIMENTO URBANÍSTICO

Tendo en conta que:

- Non se afecta a ningún espazo natural protexido.
- Non existe afección algunha sobre os Bens Patrimoniais localizados nas zonas de actuación.
- As posibles afeccións respecto a estes Bens que puideran xurdir na Fase de Execución da rehabilitación superficial proxectada están identificadas, cuantificadas e definidas, para a súa minimización, as correspondentes Medidas de Protección, as cales son as necesarias e esixidas para o cumprimento medioambiental da Obra.
- As actuacións previstas no presente Proxecto son compatibles coa Calificación Urbanística do solo onde se localizan os camiños definidos e responden a mellora das condicións de habitabilidade e de servicios urbanísticos dos núcleos contempladas no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ponteceso.

Conclúese que a Obra recollida no presente Proxecto cumpre fielmente có esixido na Normativa Urbanística concorrente para este tipo de actuacións, e dicir:

- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ponteceso, do 9 de marzo de 2015.
- Lei Consolidada de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e normativa complementaria, (*Lei 9/2002 de 30 de decembro, coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004 de 29 de decembro; pola Lei 6/2007 de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia; pola Lei 3/2008, de maio,*

de ordenación da minería de Galicia; pola Lei 6/2008, de 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo; pola Lei 18/2008, de 29 de decembro, de vivenda de Galicia, e pola Lei 2/2010, de 25 de marzo).

- Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenrolo e execución da Lei 8/1997, de 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

15. INDICE

O presente Proxecto componse dos seguintes apartados e documentos:

. MEMORIA

Anexos á Memoria

. PLANOS

. PREGO DE CONDICIONS

. ORZAMENTO

Medicións por Actuación
Cadro de prezos Nº 1
Cadro de prezos Nº 2
Orzamento por Actuación
Folla Resumo do Orzamento

16. CONCLUSIÓN

Con todo o exposto na presente Memoria e Anexos seguintes, así como nos demais documentos do Proxecto, relacionados no punto 15, quedan suficientemente definidas as obras para a súa correcta e completa execución en tempo e forma, e no Orzamento de Contrata especificado que ascende á cantidade de ***CENTO ONCE MIL OITOCENTOS CINCUENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E DOUS CÉNTIMOS, (111.859,62 €).***

Ponteceso, Xaneiro de 2016

O Enxeñeiro Técnico en Mecanización e Construccións Rurais,
(Colexiado Nº 1.703)

Asdo.: D. Gonzalo Lodeiro Plana

anejos

anejos

anejos

INDICE DE ANEXOS

ANEXO 1. CUMPRIMENTO DE NORMAS

1. CUMPRIMENTO DE NORMAS

Coma norma xeral e de obrigado cumprimento terase especial coidado en:

1) Sinalización diúrna con varandas e nocturna con luz vermella, de todos os foxos e pozos abertos, así como das zonas de abasto de materiais.

2) Taboado de foxos nos que o persoal traballe no fondo dos mesmos. Esta protección tanto para foxos coma para pozos farase en todo lugar e sen excepción.

3) Uso de calzado e roupa de traballo adecuado ás condicións de traballo e casco en todo momento.

4) Todos os traballos que se fagan nas inmediacións de estradas con tráfico e naquelas zonas nas que sexa necesario atravesar a estrada coas obras, colocarase unha conveniente sinalización das obras, e sempre que sexa necesario regular o tráfico, farase con persoal especializado.

5) O emprego de explosivos farase por persoal autorizado, tendo especial coidado no seu manexo e colocación, avisando con sinais acústicas antes de calquera voadura. Colocaranse carteis de sinalización na zona onde se usen.

Proxecto de:
Mellora do drenaxe de augas pluviais para evitar a degradación ambiental no entorno de diferentes núcleos rurais

ANEXO 2. MEMORIA URBANÍSTICA

Orde do 21 de decembro de 2015: Fondo de Compensación Ambiental 2016 – Concello de Ponteceso (A CORUÑA)

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E MARCO LEXISLATIVO

O presente Anexo, de *Memoria Urbanística*, estabrece o cumprimento de tódalas normativas e leies concurrintes na Obra obxecto do presente Proxecto, as cales se relacionan a continuación:

- ***Local:*** *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ponteceso, do 9 de marzo de 2015.*
- ***Autonómica:*** *En abreviatura LOUGA* — *Lei Consolidada de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e normativa complementaria, (Lei 9/2002 de 30 de decembro, coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004 de 29 de decembro; pola Lei 6/2007 de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia; pola Lei 3/2008, de maio, de ordenación da minería de Galicia; pola Lei 6/2008, de 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo; pola Lei 18/2008, de 29 de decembro, de vivenda de Galicia, e pola Lei 2/2010, de 25 de marzo).*
- ***Estatal:*** *Lei 45/2007, de 13 de decembro, para o desenrolo sostible do medio rural.*

2. CALIFICACIÓN URBANÍSTICA DA ZONA DE ACTUACIÓN

Tal e como pode observarse no Plano 1, de *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ponteceso (9/3/2015)*, axunto o presente Anexo, as actuacións de drenaxe de augas fluviais proxectadas desenrólanse o longo de diferentes tipo de solo:

- **Solo de Núcleo Rural Histórico Tradicional (SNRH) e Común (SNRC)**, os cales réxense por:
  - Segundo a LOUGA:
    - Artigo 4º, de *Fins da actividade urbanística*, do Título Preliminar, *de Principios Xerais.*
    - Pola Sección 3ª (*Artigos 24 ó 30*) de *Núcleos Rurais*, do Capítulo III de *Réxime do solo*, do Título I de *Réxime Urbanístico do Solo.*
    - Artigos 104º e 106º do Capítulo I, *de Disposicións Xerais*, do Título III, *de Normas de aplicación directa.*
  - Segundo a Lei 45/2007:
    - Artigo 23º, de *Infraestruturas, equipamentos e servizos básicos*, do Capítulo VI, de *Medidas para o desenrolo rural sostible*, do Título I, de *Programación para o desenrolo sostible.*
  - Segundo o PXOM do Concello de Ponteceso:
    - Artigo 7.2.1 do Capítulo 2, de *Normas Reguladoras do núcleo rural*, do Título VII, de *Solo de Núcleo Rural*, do Tomo III, de *Normativa Urbanística.*
- **Solo Rústico de Protección Agropecuaria (SRPA) e de Protección Espazos Naturais (SRPN)**, os cales réxense por:
  - Segundo a LOUGA:
    - Artigo 4º, de *Fins da actividade urbanística*, do Título Preliminar, *de Principios Xerais.*
    - Pola Sección 4ª (*Artigos 31 ó 42*) de *Solo Rústico*, do Capítulo III de *Réxime do solo*, do Título I de *Réxime Urbanístico do Solo.*
    - Artigos 104º e 106º do Capítulo I, *de Disposicións Xerais*, do Título III, *de Normas de aplicación directa.*
  - Segundo a Lei 45/2007:
    - Artigo 23º, de *Infraestruturas, equipamentos e servizos básicos*, do Capítulo VI, de *Medidas para o desenrolo rural sostible*, do Título I, de *Programación para o desenrolo sostible.*
  - Segundo o PXOM do Concello de Ponteceso:
    - Artigo 8.2.3 do Capítulo 2, de *Categorías de solo rústico*, do Título VIII, de *Solo Rústico*, do Tomo III, de *Normativa Urbanística.*

3. EMPRAZAMENTO

Nos entornos dos núcleos de Brántuas de Abaixo (*Parroquia de Brántuas*), de Lestimoño (*Parroquia de A Graña*), de Pazos (*Parroquia de Pazos*) e de Pardiñas e O Petón (*Parroquia de Tallo*), Concello de Ponteceso e Provincia de A Coruña.

4. XUSTIFICACIÓN E DESCRICIÓN DA OBRA

Segundo a epígrafe 3 do Artigo 4, de *Gastos subvencionables*, da Orde do 21 de decembro de 2015 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (*DOG Núm. 246, do 28 de decembro de 2015*), se consideran que atenden ós criterios determinados no mesmo os proxectos:

i) De saneamento, ***redes de sumidoiros*** *e bastecemento de auga.*

j) Para evitar a degradación e a deterioración ambiental no ámbito municipal.

O presente Proxecto cumpre os requisitos sinalados no parágrado anterior respecto ás zona de actuación definidas xa que:

4.1. ACTUACIÓN PARA EVITAR A DEGRADACIÓN E DETERIORACIÓN AMBIENTAL

Na actuación no entorno de Brántuas de Abaixo (*Parroquia de Brántuas*) trátase de recuperar o entorno do núcleo localizado arredor da estrada municipal asfaltada que une este coa estrada provincial DP-6801.

Este entorno natural, calificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal (*en adiante PXOM*) do Concello de Ponteceso coma Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais (*SRPN*), viuse afectado moi negativamente polos temporais acaecidos as primeiras semáns do ano 2016 na Costa da Morte, o deteriorarse notablemente tanto as ladeiras colindantes coa estrada municipal coma un camiño de servizo a fincas que entronca con esta, situado preto da súa confluencia coa estrada provincial.

Esta situación xerou escorrentas de augas pluviais incontroladas tanto polas ladeiras coma polo camiño de servizo sinalado, as cales no seu transcorrer provocaron arrastres de terra e pedras (*toda a estrutura do camiño, na actualidade totalmente impracticable*) maís de vexetación (*erosión nos noiros adxacentes a estrada municipal*) .

Estes arrastres inutilizarón por colmatación tanto as gabias coma as Obras de Drenaxe Transversal (*en adiante ODT*) existentes, o que espallou ainda máis libremente toda a esta auga polo entorno ata o núcleo, cunha velocidade e forza intensa polo pendente media do terreo da zona, xerando, por todo isto, un alto deterioro ambiental da mesma.

Para que non se repita o descrito nos parágrafos anteriores, plantéxase resolver o problema indicado mediante as seguintes accións:

- <u>Mellora do sistema de drenaxe da estrada municipal</u>:
  - Reapertura das gabias colmatadas.
  - Construción de cinco (5) novas ODT en puntos determinados da estrada municipal para complementar as xa existentes, repartindo de xeito equilibrado o caudal procedente das gabías por toda la conca da zona.

    Estas ODT, con sentido de traballlo da marxe dereita a marxe esquerda, se farán a base de pozos de rexistro circular de 1,50 metros de profundidade, ós cales se asociarán canos de tubo corrugado de PP, de diámetro nominal 50 cm. tipo SN8, reforzados baixo calzada mediante dado de formigón en masa HM-20.

    Reporase o asfalto demolido previamente para a súa implantación mediante un Triple Tratamento Asfáltico (*en adiante TTA*), a base, e sempre nesta orde:

    1º) Primeira rega semiprofunda con dotación de 3,5 Kg. de emulsión ECR-2 saturados con 20 litros de grava miúda 8/12.

    2º) Segunda rega superficial con dotación de 2 Kg. de ECR-2 saturados con 10 litros de grava miúda tipo 5/8.

    3º) Terceira rega de selado con dotación de 1,5 Kg. de ECR-2 saturados con 5 litros de area lavada.

    Este firme se situará sobre unha capa de macadam bituminoso de 12 cm. de espesor, estendida previamente sobre unha base granular de zahorra artificial de 25 cm. de espesor.

- Eliminación de futuros arrastres de pedra e rocha:

  Se reconstruirá de novo os primeiros 150,00 metros do camiño de servizo a fincas, para evitar tanto que sexa a procedencia deste tipo de arrastes ó estar na actualidade totalmente degradado e sen estrutura coma para regular o transito da auga de escorrente que vai por el procedente de punto máis altos do mesmo. Polo tanto se realizarán as seguintes actuacións:

  - Saneo da súa plataforma nunha profundidade de 0,60 metros, para posteriormente nivelar e compactar a subbase aflorada.
  - Construción do núcleo do camiño mediante recheo con material adecuado de préstamo, nun espesor de 0,40 metros,.
  - Nos primeiros 50,00 metros do camiño se implantará un novo firme a base dun pavimento de formigón HM-20/P/40/IIA, de 15 cm espedor, con malla electrosoldada ME de 15x15 cm. e 5 mm. de diámetro, de aceiro B-500S, sobre 5 cm. de grava miúda de regularización.

    Nas marxes deste firme se construirán sendas gabias triangulares tipo V-40, en de formigón HM-20/sp/40, de 1,00 metros de ancho, 0,40 metros de profundidade e 10 cm espesor, con noiros 1/1.

    Tamén se lle implantarán dous (2) canais sumidoiros prefabricados transversal a base de canal de drenaxe de dimensións 22,5x30x35h cm., sobre 10 cm de HM-20 e reixa de fundición ductil 50x30 cm, clase D-400, anti-levantamento e anti-ruido. Estes canais interceptarán a auga de escorrenta que transcurra pola superficie do firme ata as súas cunetas, evitando deste xeito que chege a estrada municipal e provoquen arrastes.
  - Nos derradeiros 100,00 metros do camiño on ovo firmes e realizar mediante a estensión dunha base granular reciclada de residuos de formigón, tamaño árido 0/32 mm, CPR-0227 (EN 13242:2002 e A1:2007), cun espesor de 20 cm.

    Nas marxes deste firme se abrirán sendas gabias triangulares en terra de 1,00 metros de ancho, 0,40 metros de profundidade e 10 cm. espesor, con noiros 1/1.

4.2. CREACIÓN DE REDES DE SUMIDOIROS PARA DRENAXE DAS AUGAS PLUVIAIS

Se implantarán este tipo de red no núcleo de Lestimoño (*Parroquia de A Graña)*, de Pazos (*Parroquia de Pazos*) e no entorno dos núcleos de Pardiñas e O Petón (*Parroquia de Tallo*) para mellorar e complementar as xa existentes en ditas zonas.

Estas redes se localizarán na zona de gabias das estradas municipais pavimentadas as cales darán servizo e se realizarán, segundo actuación considerada, mediante:

- Arquetas sumidoiro "in situ" en formigón HM-20, de dimensións interiores 40x40x60 cm., e con marco e reixa fundición C-250 46x46x3,5 plana/cóncava.
- Sumidoiros de recollida de pluviais, en arqueta de dimensións 34x51x60 cm., con marco e reixa de fundición de 60x40 cm.
- Pozos de rexistro circular de 1,00 metros de profundidade.
- Canais sumidoiros prefabricados transversal a base de canal de drenaxe de dimensións 22,5x30x35h cm., sobre 10 cm de HM-20 e reixa de fundición ductil 50x30 cm, clase D-400, anti-levantamento e anti-ruido
- Cano de tubo corrugado de PP, de diámetro nominal 315 mm., 400 mm. ou 500 mm., tipo SN8, reforzados baixo calzada mediante dado de formigón en masa HM-20.

Se reporá todo ó pavimento demolido previamente para a súa implantación mediante un novo firme das mesmas características:

- No núcleo de Lestimoño: Pavimento de formigón HM-20/P/40/IIA, de 15 cm espedor, con malla electrosoldada ME de 15x15 cm. e 5 mm. de diámetro, de aceiro B-500S, sobre 5 cm. de grava miúda de regularización.
- No núcleo de Pazos: Firme de aglomerado en quente tipo D-12 de 5 cm de espesor, sobre capa de zahorra artificial de 25 cm. de espesor.
- No entorno dos núcleos de Pardiñas e O Petón: Firme a base dun TTA, tal e coma se describe na epígrafe 4.1 do presente Anexo.

5. AFECIÓNS MEDIOAMBIENTAIS

5.1. SOBRE ELEMENTOS PATRIMONIAIS

Tal e coma se pode observar no Plano 2, de *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ponteceso (9/3/2015)*, que se achega no Subanexo I, de *Planos Urbanísticos*, axunto a presente Memoria, ningunha das actuacións proxectadas afectan a Elementos Patrimoniais catalogado.

5.2. SOBRE ESPAZOS NATURAIS E/OU HABITATS PRIORITARIOS

Ningunha das actuacións previstas esta localizada nun espazo natural protexido incluído na *Rede Natura 2000*, tal e como sinálase no Plano 2, de *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ponteceso (26/8/2002)*, que se achega no Subanexo I, de *Planos Urbanísticos*, axunto a presente Memoria. .

6. CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN CONCORRENTE

Basearase a xustificación urbanística das actuacións descritas respecto á Lei Consolidada de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e normativa complementaria ó ser máis restrictiva que o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ponteceso.

6.1. CUMPRIMENTO LEI CONSOLIDADA DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA

6.1.1. RESPECTO Ó SOLO RÚSTICO

Respecto a obra proxectada no tipo de solo concorrente no epígrafe *d)* e *f)* do apartado 2, de *Actividades e usos constructivos*, do Artigo 33º, de *Usos e actividades en solo rústico*, da Subsección 2º, de *Condicións de uso*, da Sección 4º, de *Solo Rústico*, do Capítulo III, de *Réxime das distintas clases e categorías de solo*, do Título I, de *Réxime urbanístico do solo*, permite:

> **Apartado 2.d):** *"Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como, en todo caso, as de subministración de carburante."*
>
> **Apartado 2.f):** *"Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren."*

Toda a obra localizada neste solo, tendo en conta a descrición e xustificación feitas, deseñouse de acordo co especificado nestes dous epígrafes, cumprindo, polo tanto, o esixido na Lei indicada.

6.1.2. RESPECTO Ó SOLO DE NÚCLEO RURAL

Respecto a obra proxectada en este tipo de solo os epígrafes 2 e 3 do Artigo 27º, de *Usos do solo*, da Subsección 1ª, de *Dereitos e deberes*, da Sección 3ª, de *Núcleos rurais*, do Capítulo III, de *Réxime das distintas clases e categorías de solo*, do Título I, de *Réxime urbanístico do solo*, establecen:

> **Epígrafe 2.:** *"O uso característico das edificacións nos núcleos rurais será o residencial. Consideraranse sempre como usos complementarios aqueles que garden relación directa cos tradicionalmente ligados ao asentamento rural de que se trate ou que lles dean resposta ás necesidades da poboación residente neles".*
>
> **Epígrafe 3.:** *"Sen prexuizo das maiores limitacións que o planeamento urbanístico estableza en función do estudo pormenorizado de cada núcleo, o dito planeamento poderá permitir como usos compatibles os terciarios, os produtivos, os turísticos, os pequenos talleres e as novas tecnoloxías da información, así como os dotacionais, asistenciais e vinculados con servizos públicos".*

As actuacións previstas neste tipo de solo cumpren perfectamente, tendo en conta a súa descrición feita no presente Anexo, o especificado nestes dous epígrafes e polo o esixido na Lei indicada.

6.1.3. COMÚN PARA AMBOS TIPOS DE SOLO

No Artigo 4º, de *Fins da actividade urbanística*, do Título Preliminar, de *Principios xerais*, pídese preservar o medio físico e os valores tradicionais e a integración armónica có entorno para evitar o posible risco de transformación urbanística do solo rústico, do que fai referencia o apartado 2.f) del Artigo 33º desta Lei.

O Epígrafe *b)* del Artigo 104º, de *Adaptación ó ambiente*, e o Punto 2 del Artigo 106º, de *Protección das vías de circulación*, do Capítulo I, de *Disposicións xerais*, do Título III, de *Normas de aplicación directa*, se especifica respectivamente:

> ***Epígrafe b):*** *"Nos lugares de paisaxe aberto ou natural, sexa rural ou marítimo, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a ubicación, masa ou altura das construccións, muros e peches, ou a instalación de outros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a armonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia do mesmo ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto."*
>
> ***Punto 2:*** *"Non poderanse realizar obras de construcción de novas vías de circulación de vehículos automóviles que non esteñan previstas nos planes xerais ou outros instrumentos de planeamento urbanístico ou de ordenación do territorio, sen perxuizio do disposto na lexislación sectorial de aplicación."*

Ningunha das as obras, tendo en conta a súa descrición feita, limita o campo visual da paisaxe onde tense previsto executalas o estar deseñadas respecto a infraestructuras xa existentes. Ademáis, ningunha delas define a apertura dunha nova vía de comunicación terrestre, só o acondicionamento e/ou mellora de as xa existentes.

Polo tanto, cúmprese perfectamente o esixido na Lei indicada.

6.2. CUMPRIMENTO DA LEI 45/2007, DE 13 DE DECEMBRO

O epígrafe b) do Artigo 23º, de *Infraestructuras, equipamentos e servicios básicos*, do Capítulo VI, de *Medidas para o desenrolo rural sostible*, do Título I, de *Programación para o desenrolo sostible*, da Lei 45/2007, de 13 de decembro, para o *desenrolo sostible do medio rural*, establece que *"procurarase a conectividade dos núcleos de poboación do medio rural entre si e coas áreas urbáns, mediante a coordinación das súas respectivas planificacións e dotacións de infraestructuras de transporte, e a mellora da rede viaria rural, co obxecto de garantir unhas condicións de utilización e seguridade adecuadas, respectando a integridade e calidade da paisaxe rural e evitando a fragmentación territorial".*

Todas as actuacións, tendo en conta a súa descrición e xustificación feita, deseñáronse de acordo co especificado nestes dous epígrafes, cumprindo, polo tanto, o esixido na Lei 45/2007, de 13 de decembro.

6.3. CONCLUSIÓN

As obras obxecto do presente Proxecto cumpren perfectamente con todo o especificado e esixido, e descrito nos puntos anteriores, tanto polo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ponteceso coma pola Lei Consolidada de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e normativa complementaria, e a Lei 45/2007, de 13 de decembro, para o *desenrolo sostible do medio rural*, polo que non ofrecen dubida algunha respecto a viabilidade urbanística da súa execución.

O indicado hai que engadir o feito de que:

- Non se afecta a ningún espazo natural protexido.
- Non existe afección algunha sobre os Bens Patrimoniais localizados nas zonas de actuación.
- As posibles afeccións respecto a estes Bens que puideran xurdir na Fase de Execución da rehabilitación superficial proxectada están identificadas, cuantificadas e definidas, para a súa minimización, as correspondentes Medidas de Protección, as cales son as necesarias e esixidas para o cumprimento medioambiental da Obra.

A continuación móstrase unha matriz de cumprimento lexislativo, segundo o tipo de solo, que resume o dito ó longo do presente Anexo:

SOLO RÚSTICO			
LEI	**ARTIGO**	**ESIXIDO**	**ACTUACIÓNS**
LOUGA *Solo Rústico*	Art. 33.2.d y 33.2.f *Usos constructivos*	Instalacións e infraestructuras vinculadas a redes de transporte que non impliquen transformación urbanística.	***CUMPREN***
	Art. 104 *Adaptación ó ambiente*	Nos lugares de paisaxe aberto ou natural, sexa rural ou marítimo, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a ubicación, masa ou altura das construccións, muros e peches, ou a instalación de outros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a armonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia do mesmo ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto	***CUMPREN***

SOLO RÚSTICO			
LEI	**ARTIGO**	**ESIXIDO**	**ACTUACIÓNS**
LOUGA *Solo Rústico*	Art. 106 *Protección de vías públicas*	Non poderanse realizar obras de construcción de novas vías de circulación de vehículos automóviles que non esteñan previstas nos planes xerais ou outros instrumentos de planeamento urbanístico ou de ordenación do territorio, sen perxuizo do disposto na lexislación sectorial de aplicación	***CUMPREN***
Lei 45/2007 *Solo rústico e Solo de Núcleo Rural*	Art. 23 *Infraestructuras, equipamentos e servicios básicos*	Procurarase a conectividade dos núcleos de poboación do medio rural entre si e coas áreas urbáns, mediante a coordinación das súas respectivas planificacións e dotacións de infraestructuras de transporte, e a mellora da rede viaria rural, co obxecto de garantir unhas condicións de utilización e seguridade adecuadas, respectando a integridade e calidade da paisaxe rural e evitando a fragmentación territorial"	***CUMPREN***

SOLO DE NÚCLEO RURAL			
LEI	**ARTIGO**	**ESIXIDO**	**ACTUACIÓNS**
LOUGA *Solo de Núcleo Rural*	Art. 27.2 y 27.3 *Usos permitidos*	Uso característico: O residencial Usos compatibles: Os dotacionais, asistenciais e vinculados cos servizos públicos	***CUMPREN***
	Art. 104 *Adaptación ó ambiente*	Nos lugares de paisaxe aberto ou natural, sexa rural ou marítimo, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a ubicación, masa ou altura das construccións, muros e peches, ou a instalación de outros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a armonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia do mesmo ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto	***CUMPREN***
	Art. 106 *Protección de vías públicas*	Non poderanse realizar obras de construcción de novas vías de circulación de vehículos automóviles que non esteñan previstas nos planes xerais ou outros instrumentos de planeamento urbanístico ou de ordenación do territorio, sen perxuizo do disposto na lexislación sectorial de aplicación	***CUMPREN***
Lei 45/2007 *Solo rústico e Solo de Núcleo Rural*	Art. 23 *Infraestructuras, equipamentos e servicios básicos*	Procurarase a conectividade dos núcleos de poboación do medio rural entre si e coas áreas urbáns, mediante a coordinación das súas respectivas planificacións e dotacións de infraestructuras de transporte, e a mellora da rede viaria rural, co obxecto de garantir unhas condicións de utilización e seguridade adecuadas, respectando a integridade e calidade da paisaxe rural e evitando a fragmentación territorial	***CUMPREN***

Ponteceso, Xaneiro de 2016

O Enxeñeiro Técnico en Mecanización e Construccións Rurais,

(Colexiado Nº 1.703)

Asdo.: D. Gonzalo Lodeiro Plana

Subanexo I. Planos Urbanísticos

INDICE DE PLANOS

ÁREAS DE ACTUACIÓN NAS PARROQUIAS DE BRANTUAS E GRAÑA



ÁREA DE ACTUACIÓN NAS PARROQUIAS DE TALLO E PAZOS





Provincia de A Coruña (Escala 1/1.000.000)



SITUACIÓN: Concello da Ponteceso (E 1/250.000)

LENDA

- CONCELLO DE PONTECESO
- ÁREAS DE ACTUACIÓN

Coordenadas U.T.M.: ED50 e Fuso 29

ESPROAGRO	EXCMO. CONCELLO DE PONTECESO	Proxecto de: **Mellora de drenaxe de augas pluviais para evitar a degradación ambiental no entorno de diferentes núcleos rurais** *(Orde do 21 de decembro de 2015)*	Plano: *Anexo 2_Subanexo I:* Situación, Localización e Emprazamento	Promotor: Excmo. Concello de Ponteceso	Situación: Parroquias de Brantuas, Graña, Tallo e Pazos	Termo Municipal: Concello de Ponteceso, Provincia de A Coruña	O Enxeñeiro Técnico en Mecanización e Construcións Rurais: D. Gonzalo Lodeiro Plana *(Colexiado nº 1.702)*	Data: Xaneiro de 2016	Escala: 1/1.000.000 1/250.000 1/25.000	Nº de Plano: *Folla 1 de 3* 1.



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTECESO (Follas 06 a 07): Brantuas



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTECESO (Folla 11): Lestimoño



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTECESO (Folla 12): Pardiñas e O Petón



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTECESO (Folla 08): Pazos

LENDA URBANÍSTICA DO P.XO.M. DO CONCELLO DE PONTECESO

CLASIFICACIÓN DO SOLO

- SU — SOLO URBANO
- S-URB-DEL — SOLO URBANIZABLE DELIMITADO
- S-URB-NO — SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO
- SRPH — SOLO DE NÚCLEO RURAL HISTÓRICO TRADICIONAL
- SNRC — SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN
- SRPA — SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
- SRPF — SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL OU DE MONTE
- SRPN — SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS
- SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO
- SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUTURA
- SRPC — SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE COSTAS
- SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DAS AUGAS
- SRPO — SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA
- SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DA PAISAXE

AFECCIÓNS

- ESTRADAS
- LIÑA AÉREA DE ALTA TENSIÓN
- ZONA DE POLICÍA DE CAUCES
- AFECCIÓN DE CEMITERIOS
- PROTECCIÓN DE VISTAS

COSTAS

- SERVIDUME DE PROTECCIÓN
- ZONA DE INFLUENCIA
- D.P.M.T.
- LIÑA DE RIBEIRA

SISTEMAS XERAIS

- SXIS — SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS
- SXIP — SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURA PORTUARIA
- SXEL — SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES
- SXES — SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS
  - sd deportivo, sa administrativo, sc cemiterio, ss sanitario, sd educativo, sv viviendas, sc socio-cultural
- (Pb) TITULARIDADE PÚBLICA (Pv) TITULARIDADE PRIVADA
- REDE DE ALTA TENSIÓN 15-20 Kv
- REDE DE ALTA TENSIÓN >20 Kv
- CENTRAL HIDROELÉCTRICA
- REDE DE ABASTECEMENTO DE AUGA
- REDE DE SANEAMENTO
- REDE VIARIA
- REDE DE MOBILIDADE SOSTIBLE

ACCIÓNS PREVISTAS

- SXEq — SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS
- SXEL — SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES
- SXIS — SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURA
- SXIV — SISTEMA XERAL VIARIO
- DELIMITACIÓN DE ACCIÓNS

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

- ÁREA DE PROTECCIÓN INTEGRAL
- CONTORNO DE PROTECCIÓN
- GA 15068XXX — CÓDIGO DE ELEMENTO ARQUEOLÓXICO
- X — COORDENADA U.T.M.

PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO/ETNOGRÁFICO

- DELIMITACIÓN DO SEN / ELEMENTO PUNTUAL
- CONTORNO DE PROTECCIÓN
- X.XX — CÓDIGO DE ELEMENTO ARQUITECTÓNICO

01 02 03 04 05 06 07 08 09 10 11 12 13 14 15 16 17

LENDA

- ÁREAS DE ACTUACIÓN

ESPROAGRO	EXCMO. CONCELLO DE PONTECESO	Proxecto de: **Mellora de drenaxe de augas pluviais para evitar a degradación ambiental no entorno de diferentes núcleos rurais** *(Orde do 21 de decembro de 2015)*	Plano: *Anexo 2_Submisión 1:* Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ponteceso, do 9 de marzo de 2015	Promotor: Excmo. Concello de Ponteceso	Situación: Parroquias de Brantuas, Graña Tallo e Pazos	Termo Municipal: Concello de Ponteceso, Provincia de A Coruña	O Enxeñeiro Técnico en Mecanización e Construcións Rurais, D. Gonzalo Lodeiro Plana *Colegiado nº: 1931*	Data: Xaneiro de 2016	Escala: 1/5.000	Nº de Plano: Folla 1 de 1 2.

Subanexo II. Reportaxe Fotográfica

ÍNDICE

REPORTAXE FOTOGRÁFICA

ENTORNO DO NÚCLEO DE BRÁNTUAS DE ABAIXO (Parroquia de Brántuas)

Fotografía 1 - Inicio do camiño de terra deteriorado

Fotografía 2 – Vista xeral do camiño de terra deteriorado

Fotografía 3 – Detalle de erosión dos noiros colindantes as vías

Fotografía 4 – Detalle do mal drenaxe das gabias existentes

